

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do xoves 26 de xuño de 2025

Logo de ver o disposto nos artigos 46 e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

TENDO EN CONTA que, segundo o acordo plenario de data do 13.07.2023, relativo ao réxime de determinación da periodicidade das sesións plenarias, o Pleno celebrará sesións ordinarias con carácter mensual o último xoves de cada mes ás vinte horas.

En aplicación do previsto nos artigos 78 e 80 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

1. CONVOCAR unha sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

Data: xoves 26 de xuño de 2025
Hora: 20:00 h
Lugar: SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

ORDE DO DÍA:

1. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
2. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI
3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: ELABORACIÓN DUN PLAN MUNICIPAL DE INCLUSIÓN INFANTIL EN ACTIVIDADES MUNICIPAIS E PROGRAMAS DE CONCILIACIÓN
4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: INSTAR A PORTOS DE GALICIA A INICIAR UN NOVO CICLO DE INVESTIMENTOS NA ZONA PORTUARIA DE RIANXO
5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: POSTA EN MARCHA DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL (ROM)
6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: REVERSIÓN AO PLENO DA COMPETENCIA SOBRE A APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS E MODIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS
7. ROGOS E PREGUNTAS

2. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros do Pleno, e poñer á súa disposición no Portal de Cargos Electos da Sede Electrónica municipal as actas e a documentación dos expedientes que conforman a orde do día, **facéndolles saber que de conformidade co disposto no artigo 14.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para desenvolveren a súa función, e singularmente das que terán que servir de antecedente para as decisións**

que aínda se atopen pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que lles sexa facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

3. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.